

CASAS-MAPA. ESPAZOS DA MEMORIA.

CASAS-MAPA. ESPACIOS DE LA MEMORIA.

MAP-HOUSES. SPACES OF THE MEMORY.

DATA DE
RECEPCIÓN:
05/09/2017

DATA DE
ACEPTACIÓN:
16/10/2017



Estella L. Freire Pérez

Universidade de Santiago de Compostela

estela.freire@usc.es

Resumo: Este estudo quere falar da influencia que sobre nós teñen os espazos nos que desenvolvemos a nosa actividade diaria e do potencial narrativo-educativo da nosa contorna. *Casas-mapa* fai referencia a aqueles espazos que conforman a nosa propia identidade, fala da alma do lugar, das transformacións do noso *locus*. A poesía ilustrada de *Versos como una Casa*, a narrativa poética de *Casas*, as palabras-imaxe de *Hay casas* e as historias de vida de *La casa de los Cubos* son algunhas das referencias de álbums ilustrados nas que os espazos e os lugares da memoria son os fios conductores da trama principal. Os espazos preséntanse pois como recursos artísticos e educativos de primeira orde ligados á construción da identidade propia. Este traballo quere profundizar na estrutura e análise do álbum ilustrado como medio e ferramenta para a configuración de cartografías persoais a partir dunha metodoloxía de desenvolvemento de procesos artísticos e dunha Investigación inicial Baseada nas Artes e nas Comunidades de Aprendizaxe.

Palabras chave: Álbum ilustrado, Espazos educativos, Narración, Construción de identidades, Imaxinario ilustrado.

Resumen: Este estudio quiere hablar de la influencia que sobre nosotros tienen los espacios en los que desarrollamos nuestra actividad diaria y del potencial narrativo-educativo de nuestro entorno. *Casas-mapa* hace referencia a aquellos espacios que conforman nuestra propia identidad, habla del alma del lugar, de las transformaciones de nuestro *locus*. La poesía ilustrada de *Versos como una Casa*, la narrativa poética de *Casas*, las palabras-imagen de *Hay casas* y las historias de vida de *La casa de los Cubos* son algunas de las referencias de álbums ilustrados en las que los espacios y los lugares de la memoria son los hilos conductores de la trama principal. Los espacios se presentan pues como recursos artísticos y educativos de primer orden ligados a la construción de la identidad propia. Este trabajo quiere profundizar en la estructura y análisis del álbum ilustrado como medio y herramienta para la configuración de cartografías personales a partir de una metodología de desarrollo procesos artísticos y de una Investigación inicial Basada en las Artes y en las Comunidades de Aprendizaje.

Palabras clave: Álbum ilustrado, Espacios educativos, Narración, Construción de identidades, Imaxinario ilustrado.

Abstract: This study the subject of the influence that the spaces where we develop our daily activity exert upon us and also explores the story-telling and learning potential of our surrenders. *Map-houses* refers to those spaces that set our own identity, It speaks about the soul of the place, the transformation of our *locus*. The illustrated poetry of *Versos como una Casa*, the poetic description of *Casas*, the image-words of *Hay Casas* and the life histories of *La casa de los Cubos* are some picture books references in where spaces and places of the memory are the conducting thread of the main plot. Spaces are presented like first order educative and artistic resources linked to our own identity building. This research wants to deepen in the structure and analysis of picture book as a mean and tool to configure personal maps starting from a methodology of develop artistic processes and an initial research based on the Arts and on the Learning Communities.

Keywords: Picture book, Learning Spaces, Narrative, Identity Building, Illustrated Imaginary.

Introdución

As imaxes que evoca a nosa memoria ligadas aos espazos son infinitas, distorsionadas ás veces, paradóxicas, metafóricas... son todo narrativa, identidade, expresividade, plasticidade... Recollen a nosa esencia.

A casa verde da infancia que non é verde, esas voces esquecidas no sofá, as noites nas terrazas vendo morcegos, os xogos en corredores infinitos que hoxe son minúsculos...

Todos estos camiños conforman a cartografía da nosa identidade, todos estos camiños tecen a nosa memoria, conducen aos nosos refuxios, aos nosos fogares.

O almacén de imaxes da nosa memoria está intimamente ligado co contexto no que se producen esas imaxes. A catalogación que o noso maxín fai das nosas experiencias transformándoas, diluíndoas, segundo as materializamos verbalmente constitúe a nosa propia inventiva. As narracións propias dependen do contexto e o lugar, da experiencia vivida. Como se dun álbum de fotos se tratase, as nosas lembranzas permanecen arquivadas en forma de imaxes, emocións, palabras, espazos...

O álbum ten esa potencialidade de traspasar os límites entre o que o ilustrador quere dicir coa imaxe e o que o lector interpreta segundo o contexto. Este é o punto que se quere traballar neste documento, a importancia da relación do contexto, da ubicación da imaxe, de como tamén a palabra transgrede os significados segundo a súa ubicación. As posibilidades que o álbum ilustrado ofrece como recurso educativo son múltiples e variadas. Buscar a situación a partir da cal desenvolver un proceso de investigación e levala á aula nun soporte gráfico facilita a comprensión da mensaxe e os obxectivos da aprendizaxe. As narracións visuais conectan directamente co noso inconsciente, fan emerxer hipóteses, situacións e experiencias que axudan a desenvolver o proxecto de aula. Empregar o álbum ilustrado como recurso educativo é un dos obxectivos nos que se basea este documento.

Por outra banda, as experiencias vitais son o soporte primeiro da aprendizaxe. É na nosa contorna inmediata onde nos desenvolvemos e crecemos como individuos, onde aprendemos e experimentamos. É na nosa contorna inmediata onde se constrúe a nosa identidade.



Ligar narración visual e espazo-contorna é outro dos obxectivos que persegue este traballo. Investigar como, a partir do espazo doméstico, podemos desatar situación de aprendizaxe.

O espazo doméstico é o punto base dende onde tradicionalmente se define o límite entre o público e o privado, entre o coñecido e o anónimo.

A reflexión sobre o concepto de fogar sobrepasa o límite das súas catro paredes, traspasa a fronteira interior-exterior, invade a nosa psique. A reflexión sobre a vivenda e o concepto de casa non é só sobre as condicións materiais e espaciais intrínsecas a ambas as dúas, non fala do obxecto, se non do suxeito, dos moradores, das usuarias...da vida, da cultura, valores e tradicións ligadas a ela, das vivencias, imaxes e palabras que evocan esas catro paredes.

Estas catro, cinco, oito e mil paredes son os espazos da memoria, do maxín colectivo, do almacén de imaxes dunha familia, dunha comunidade.

A perspectiva de análise das distintas obras que recolle este traballo, tomando como referencia álbumes ilustrados nas que os espazos e os lugares da memoria son os fíos condutores da trama principal, permite afondar na relación intrínseca e natural de espazos e identidade. Investigar sobre o que ocorre no límite entre espazo público e privado extrapolado, non só aos lugares físicos e xeográficos senón ao propio individuo, e mostrar como a contorna constrúe colectivos e comunidades é o terceiro obxectivo que se traballa. As artes plásticas son o medio elixido a través do cal realizar a investigación, unha investigación baseada nas artes, pero tamén unha investigación narrativa, por medio das experiencias persoais que se derivan da propia interacción coa contorna.

A mensaxe non verbal que os espazos transmiten e a recuperación de historias esquecidas e porqués interminables, fan deles un recurso artístico e educativo indiscutible, imprescindible. O álbum ilustrado parece a ferramenta perfecta para transformar esta mensaxe non verbal precisamente en imaxe-palabra, materializando conceptos espaciais nun soporte que traspasa as dúas dimensións.

Dende o propio fogar ao espazo urbano, dende a memoria individual á colectiva, dende a narración ás artes plásticas, todas eles funcionan como ferramentas de expresión para o auto coñecemento, a (re) construción de identidades e para o entendemento da vida en sociedade.





Fig. 1 Olavarria (2011). *Hay Casas*.

Xanelas da Memoria. Fundamentación teórica.

76

“Os ollos que abren a infancia son dúas xanelas.
Por eso, ser a voz do poema é habitar a casa da infancia.
A casa da infancia debe estar sempre habitada.
Porque en cada habitación vaixe labrando unha lembranza”
(Benegas, 2017: 1)



A viaxe aos espazos da infancia remove o interior, refresca a identidade, evoca imaxes, imaxes-palabra.

Este traballo quere presentar ao álbum ilustrado como unha ferramenta de experimentación didáctica. O álbum ilustrado recolle esta relación palabra-imaxe e transforma a representación visual en representación narrativa e viceversa, traballa esta relación ao igual que o noso inconsciente fai coas lembranzas, xerando o noso propio imaxinario.

Silva-Díaz (2012) na súa obra *El álbum es un terreno propicio para experimentar*, fala do libro-álbum como un soporte onde as imaxes se presentan articuladas entre si, ordeadas de forma secuenciada, onde o significado é o resultado da interacción do texto e da imaxe. O álbum é unha forma de arte secuencial, onde prima a narrativa visual.

A palabra álbum pois, nun contexto doméstico, fai referencia a ese obxecto contedor de historias de vida, de narrativas visuais a dobre páxina, que normalmente ordeadas

cronolóxicamente, conforman o almacén de imaxes que documentan a memoria e a identidade das persoas e espazos que alí se retratan.

O álbum familiar é a mostra da nosa identidade, é un libro-obxecto narrador de múltiples experiencias, que mudan segundo o intérprete, o lugar e o contexto.

Os álbumes son pois soportes de historias de vida, de valores culturais e de narracións colectivas, e o espazo onde estas historias se desenvolven define ademais da súa ubicación, a estética e a liña temporal á que pertencen, enmárcaas nun determinado contexto que as singulariza.

Se faciamos referencia ao significado doméstico de álbum como contedor, como obxecto e soporte de memorias colectivas, os varios significados da palabra ilustrar tamén son extrapolables a este mesmo contexto. Ilustrar é tamén sinónimo de instruír, e instruír non é se non informar, proporcionar coñecementos, habilidades, ideas, experiencias...

Entender o álbum ilustrado como unha ferramenta de transmisión de coñecementos e experiencias é o obxectivo que este traballo persegue. A versatilidade que este soporte artístico presenta e as diferentes formas de interpretación que posibilita fai do álbum ilustrado un recurso didáctico imprescindible.

Según cita Teresa Durán (1999), o álbum é un traballo polifónico, dialóxico, onde o soporte físico e a narratoloxía textual e visual concordan afinadísicamente. O álbum ilustrado é un instrumento de educación literaria, artística e social, e ten un enorme potencial para introducir os nenos e nenas no imaxinario propio dunha sociedade.

Bruner (2006) sinala que a capacidade que teñen as colectividades para narrar as súas experiencias é un instrumento que proporciona moitos dos significados que conforman a linguaxe propia dunha cultura. A transmisión oral e as imaxes que ésta provoca nas mentes receptoras son o legado principal das comunidades, son un recurso imprescindible á hora de falar de contexto e identidade. Construír un imaxinario propio enmarcado nun contexto determinado e a análise do propio contexto como factor determinante á hora de tecer unha narrativa persoal é o punto de partida deste traballo.

A relación lector-texto-contexto conforma unha triada indisoluble na análise e crítica literaria ao igual que a firmitas-utilitas e venustas o fai para os espazos e a arquitectura. Rosenblatt (2002) afirma que esta secuencia de elementos lector-texto-contexto é a que lle

confire o significado á narración e é unha das primeiras autoras que pon ao mesmo nivel as experiencias do lector, o contexto no que está inmerso e o propio texto.

A figura activa do lector como transmisor de significados e a relación que este ten coa súa contorna inmediata sitúa o espazo e o contexto como elementos determinantes na configuración de significados.

Seguindo esta premisa, Fish (1980) acuña o termo “comunidade de interpretación”, entendendo que a interpretación non é un acto individual se non que depende da comunidade á que pertence a lectora ou lector.

A memoria narrativa e as diferentes formas e significados que as lembranzas adquiren ligadas aos espazos e contextos é un dos obxectivos que este traballo pretende analizar. Os mapas da memoria, ou os “esquemas da memoria” que Bartlett (1932) liga directamente ás emocións, ás afeccións, son unha forma de relatar experiencias persoais e colectivas que forman parte do patrimonio social e cultural, conforman a memoria colectiva das comunidades sociais.

As imaxes da memoria convertidas en testimonios, en narrativas, son o instrumento principal para a definición da identidade. Os testimonios son pegadas, relatos da nosa vida (Ricoeur, 1999).

A multiplicidade de interpretacións que permite unha imaxe depende pois en primeiro lugar da conceptualización que desta fai o receptor. Esta abstracción está fortemente ligada, non só ao contexto no que a mensaxe é interpretada, senón tamén ás experiencias previas do receptor e ao almacén de imaxes que conforman a súa propia identidade.

Neste sentido, Arnold Arnheim (1995) é un dos principais referentes a ter en conta para análise da percepción visual e un dos primeiros que pon en relación esta percepción visual e a práctica artística.

A abstracción é un fenómeno que fai referencia á acción de separar “algo de algo”. É unha acción que require dun complexo proceso mental permita identificar varios elementos á vez para así poder separalos e conceptualizalos.

A Psicoloxía da Gestalt ou Psicoloxía da Forma afirma que o “Todo é maior que a suma das partes” e que o significado pois dos elementos que conforman un todo depende da experiencia que o individuo ten na súa interacción co medio. Depende pois do seu almacén de imaxes.



Teresa Duran (2008: 7) fala explicitamente da lectura do álbum como un fenómeno gestáltico e en referencia ás palabras de Arheim sobre a palabra *gestalt* e o seu significado cita: “Todo percibir é tamén pensar, todo razoamento é tamén intuición, toda observación é tamén invención”. As posibilidades de creación imaxes e mundos inventados a través da lectura dun texto son infinitas. As posibilidades de reinterpretación da propia imaxe e do texto que a acompaña (ou non) no álbum ilustrado abren paso a un horizonte de exploración.

Esta *gestalt* debe inevitablemente matizarse polo noso proceso de selección característico, xurde entre o texto escrito e a mente individual do lector coa súa particular historia de experiencias, a súa propia conciencia, a súa propia perspectiva (Duran, 2008: 7).

Artes secuenciais e narrativas visuais. O álbum e outras creacións artísticas.

Mirar, ver e agrupar as imaxes nun conxunto, ubicalas e situalas no espazo, forma parte dun exercicio de percepción visual-espacial que contribúe enormemente a que o lector adquira un imaxinario propio. Un imaxinario que, como cita Teresa Duran (2008: 12), non é só topográfico, naturalista ou arquitectónico. As imaxes do álbum ilustrado contribúen tamén a asumir que unha representación realizada en dúas dimensións poda dar ilusión de profundidade, relevo, equilibrio....

O libro (álbum, obxecto, soporte) ilustrado preséntase como un medio de expresión que abrangue moitas linguaxes, dende a narratoloxía á estética, dende a ilustración á poesía. Trátase dun obxecto de experimentación constante e dialóxico, é unha creación poligámica e versátil que permite intercambiar elementos nunha estrutura polivalente onde autor, lector, autora, lectora, ilustrador e ilustradora dan lugar a unha combinación de contextos e identidades que conforman as diferentes narrativas.

O libro álbum como obxecto de creación é tamén un obxecto artístico no que interveñen editores, ilustradores, deseñadores... É un punto onde conflúen artes e oficios, é unha mostra dunha nova forma de facer, de falar, de transmitir coñecemento, de ilustrar, de inventar e (re)inventar(se).

Trátase, tal e como afirma Fuentes (2015: 8), de “entender o libro álbum ilustrado como unha premisa onde se exerce e se transforma a experiencia lectora e estética nunha

época onde a experiencia non ten valor algún: onde o *ready made* substitúe calquera esforzo conceptual. Como unha xanela de propostas híbridas arte-experiencia-práctica-aprendizaxe onde, na substancia, atopamos unha forma de dicir outra cousa que dicir”.

Esta proposta híbrida aúna, pois, diferentes medios de expresión que van dende a fotografía ao *collage*, dende o debuxo a man alzada ata as infografía. Todo un abano de posibilidades para ilustrar unha historia. Todo un abano de posibilidades de interpretación lectora.

En referencias anteriores faciamos fincapé na relación existente entre a interpretación lectora e a identidade propia do intérprete, e de como esta identidade era construída a partir das experiencias vividas ligadas ao contexto e á comunidade, ligadas aos lugares aos que pertencemos agora ou pertencemos antes, pero en todo caso, lugares que nos pertencen e nos conforman.

Son moitas as artistas e ilustradoras que traballan e experimentan co espazo doméstico, cos territorios cotiás, coa multiplicidade de soportes que ofrece a nosa contorna.

Iris Samartzi evoca coas súas creacións un imaxinario propio cheo de expresión e sensibilidade, as ilustracións do álbum *Hay Casas* (Capdevila e Olavarría, 2011) constrúen un imaxinario da casa a través de imaxes superpostas que falan da alma do lugar, da vida interior dos espazos, dos valores que transmiten e de como nos vemos reflectidos neles.



Se falamos de imaxinario ligado ao espazo doméstico, é inevitable tamén falar de espazos e xénero, das cualidades metafóricas e simbólicas ligadas ao concepto de fogar e da visión intimista que deriva das diferentes e persoais formas de habitar e configurar os espazos que nos rodean (Durán, 2015).

Gaston Bachelard (1994) teoriza sobre o espazo, o fogar e a casa, e relaciona o ámbito doméstico a un lugar de creación e desenvolvemento persoal. Os modelos de representación e a metáfora da casa son moitas veces empregados como detonante para a exploración do espazo interior, dese *locus* persoal, dos nosos propios refuxios mentais.

Bourgeois con *Lairs* experimenta con formas radicais, espirais e laberínticas que se abren paso a un espazo interior, a un refuxio. As *Femme Maison* (Muller-Casa) da mesma autora son corpos formados parcialmente por casas onde a artista reflexiona sobre a condición social da muller en relación ao papel que ocupa no territorio doméstico (Galán, 2010).

Casas-Mapa. Espazos da memoria.

A relación persoal entre a vivenda e os seus moradores é unha das premisas que analiza este traballo. A interacción entre ambas, as sinerxias entre os espazos físicos do territorio doméstico e os espazos que conforman a nosa psique.

Mais, e como cita Paula Carballeira (2007: 9) ao comezo de *Casas*, “as casas non son de ninguén. Como moito deixan que vivas nelas para que as coides. Hai tantas casas coma xente que vive nelas”.



Fig. 2 Samartzi (2017). *It used to be...*

Esta fotomontaxe transforma as cualidades inmateriais do espazo habitado en cualidades e valores do ser, do morador. Recupera a alma do lugar. Fala de como as vivendas nos transforman, nos forman... de como habitante e vivenda, contedor e contido forxan unha relación única e simbiótica.

Son obvias as sinerxias existentes entre a relación do espazo e da arquitectura e co comportamento social. A relación entre espazos e xénero, espazos e identidades e espazos e comunidades queda presente na obra de Bourgeois, Remedios Varó, Doris Salcedo e Rachel Whinteread entre outras (Uzategui, 2011). Nas súas obras apréciase unha referencia clara ao empoderamento do ser feminino, traballando sobre as diferentes formas de concebir e habitar o espazo doméstico, investigando sobre o límite entre o espazo privado que supón a vivenda e

o noso ser ata o espazo público que supón a contorna urbana e a vida en comunidade. Son referentes absolutas á hora de falar da influencia que sobre nós teñen os espazos nos que desenvolvemos a nosa actividade cotiá, de como nos configuran e conforman a nosa cartografía persoal.

A experiencia e a memoria, os camiños invisibles que percorren o noso interior, trazan un mapa único, trazan a cartografía do noso territorio emocional. Elaborar un mapa mental a partir das sensacións e emocións que os espazos nos transmiten, axuda a entender como percibimos o espazo no que nos atopamos a raíz dunha experiencia concreta, axuda a comprender esta experiencia e a multiplicidade de acción que dela se derivan.

O traballo de Mar Benegas (2017) en *Versos como una Casa* fala desta relación poética entre os espazos domésticos e as persoas que os habitan, da relación entre interiores e exteriores, entre os lugares e o paso do tempo das estacións, entre os lugares e as emocións. O texto a través da poesía convértese en parte da imaxe, a referencia aos *haikus* nipóns dan mostra das posibilidades estéticas da palabra, da imaxe, da mensaxe.

Hay Casas de Capdevila e Olavarría (2011) é unha mostra da potencialidade da imaxe no álbum ilustrado e analiza os tipos de vivenda a través dos procesos metamórficos aos que están suxeitas. As imaxes ligan o concepto de vivenda ao mundo natural, facendo fincapé na relación entre a casa e a súa contorna.

La Casa de los Cubos de Katoe Hirata (2011) transcende o territorio físico e reflexiona a representación espacial das lembranzas. Traza unha cartografía persoal e colectiva a través da estrutura das vivendas, do paso do tempo e fala da relación habitante-medio-casa-cidade-comunidade. A vivenda é entendida como un mapa emocional, como unha representación da liña de vida dos seus moradores.

Nos traballos de Ana Soler, estes mapas persoais transcenden en obras de entidade maior, en obras que abranguen o espazo colectivo, que pasan do interior ao exterior, do individual a colectivo, transformando experiencias propias en obras que invitan á experiencia colectiva, á reflexión que liga o espazo, os sentimentos e as experiencias vitais, á búsqueda dun imaxinario común.





Fig. 3 Soler (2001). *Recuerdos de Familia*.

A exposición *Narrativas Domésticas: Más allá del álbum familiar* recolle a esencia da identidade persoal construída a través dos outros e das interaccións nas que estamos inmersos. Como cita Revilla (2003: 10) a memoria e a autoconciencia son, entre outros os elementos que conforman a identidade persoal, unha identidade que expresamos maioritariamente a través da linguaxe. A imaxe-palabra une o lingüístico e o icónico da experiencia nunha linguaxe visual-narrativa, común a todas as obras que se presentan.

Esta mostra recolle tamén a influencia sobre a importancia da casa familiar e da súa función como organización básica dos individuos na sociedade. A casa representa, dende unha visión tradicional, o límite entre público e privado, entre familiar e anónimo. A exploración de novos horizontes e a redefinición do íntimo e o doméstico é o punto clave que enlaza esta exposición ao traballo. As obras recollidas en *Narrativas Domésticas* ofrecen, como os álbumes ilustrados dos que se falaba anteriormente, distintas miradas sobre a relación entre o fogar e a identidade, e de como esta relación transcende os límites cara ao exterior.

Trátase de explorar sobre unha reconstrución da memoria familiar, sobre o non lugar doméstico e sobre a extensión da domesticidade e da intimidade ata o terreo do público. *Narrativas domésticas*.

A reflexión sobre a construción da memoria colectiva supón un exercicio de autodefinición e autoconecemento. Supón o trazado dun percorrido, dun mapa da nosa

memoria en relación ao que somos e do que formamos parte. O termo cartografía persoal alude ao deseño de mapas emocionais como se de planos de diagnose urbanística se tratase. Entenderse a través dos espazos que percorremos diariamente, a través das cidades que vivimos e visitamos, dos lugares que experimentamos é unha forma de autoconñecemento que potencia a capacidade de narración que os propios espazos posúen.

A relación entre a experiencia e a memoria compartida ligada ao espazo é un tema de reflexión indiscutible e necesario para o entendemento da cultura do lugar (Durán, 2015).

O imaxinario colectivo componse de costumes, valores, prácticas e razoamentos que existen nunha sociedade. O espazo doméstico, entendido como ese espazo onde desenvolvemos a nosa vida cotiá, e entendéndoo tamén como a suma de espazos vividos, de lugares compartidos, é un conxunto de sensacións transferidas do espazo á persoa e da persoa ao espazo que conforman o noso propio *locus*.

O xogo de opostos que unha casa evoca (público-privado, dentro-fóra, interior-exterior) constitúe un punto de partida excelente para o desenvolvemento de metáforas creativas, para a figuración do material en inmaterial e viceversa, é dicir, para a creación e a educación artística.

En *The House on Mango Street* Sandra Cisneros (1984) trata a casa como metáfora xeral para a construción da identidade baseándose no conflito de permanencia e cambio que se extrae da relación existente entre as vivendas e as súas usuarias, entre o paso do tempo e as diferentes transformacións ás que son sometidas, remodelándose, transformándose, destruíndose... (Durán, 2015).

Existen tamén estudos de campo como *House as a Mirror of Self: Exploring the Deeper Meaning of Home* de Clare Cooper, onde sesenta persoas foron entrevistadas ao longo de dez anos para indagar sobre os lazos emocionais entre elas e as súas vivendas (Durán, 2015).

Unha mesma familia pode habitar unha mesma vivenda ao longo de décadas, e a visión que cada un ten dos espazos que a conforman é diferente. Pódese construír unha deriva co almacén de imaxes transmitido oralmente ao longo dos anos sobre como mudaron os espazos, como se adaptaron ás necesidades propias de cada momento. As transformacións que realizamos sobre os espazos reflicten as nosas propias metamorfoses.



Casas-Mapa. Espazos da memoria.

É por iso que os espazos e a memoria configuran un patrimonio cultural indiscutible (Calafe Fontal, 2004). As transformacións dos espazos construídos, das cidades, rúas e plazas falan dunha sociedade habitada, das relacións entre os seus habitantes.

A narración oral e escrita, as cartografías e as ilustracións, foron e seguen sendo as ferramentas vehiculares para o estudo das transformacións da sociedade: constitúen, xunto cos espazos e territorios aos que fan referencia, a memoria colectiva e polo tanto o patrimonio cultural dunha comunidade social.



Fig. 4 Coletivo e/lu (2008). *Descartógrafos*.

A cartografía emocional é unha nova forma de narrar historias de vida e configura un elemento clave para a transmisión da memoria colectiva.

A cartografía emocional dá mostra de como a viaxe na memoria a través dos espazos é imprescindible para a recuperación de identidades e para a (re)construcción de imaxinarios colectivos.

Conclusión

Reflexionar sobre o papel dos espazos como axentes educadores a través do poder comunicativo do álbum ilustrado e das artes plásticas é o obxectivo principal deste traballo. As imaxes e en concreto a imaxe-palabra é unha ferramenta clave para a recuperación de memorias olvidadas, a narración e a ilustración traballan como soportes para a experimentación artística e como soportes para a expresión de mensaxes sociais e de transformación.

Os lugares son, por tanto, segundo explica Tuán (2007) no seu libro *Topofilia*, portadores dunha dimensión existencial e transmisores de significados. Os lugares definen unha ligazón emocional propia cos seus usuarios e relaciónanse con eles nun espacio concreto e definido.

La casa de los Cubos é un exemplo claro da posibilidade de retratar nas transformacións dun mesmo espazo a liña do tempo material e inmaterial dos dous elementos que a unen, a casa como obxecto e o habitante como suxeito, e a súa extensión á comunidade veciña. A casa medra coa historia como medramos os seres humanos coa vida, e fala desa viaxe interior ata as cimentacións, cara á orixe e a infancia onde residen todas as lembranzas.



Fig. 5 Hirata (2008). *La Casa de los Cubos*.

Ademais (Carballeira, 2007: 51), "... podes construír outra casa no tempo dun suspiro, unha casa onde se debuxen sombras nas paredes, unha casa onde vivas ti e as palabras".

A construción de imaxes e mensaxes a través do imaxinario propio ligado aos espazos dos que formamos parte é o fío conductor das historias dos álbumes ilustrados aos que fai referencia este traballo, exemplos onde a simbiose entre espazos, ilustración e literatura sinalan o papel da narrativa visual como recurso educativo imprescindible.

Presentar o libro mostrando as ilustracións supón unha experiencia única para a creación de significados, para entender a historia que se conta e para despertar a curiosidade. Os libros ilustrados ensinan a mirar, a observar, xerando así un coñecemento significativo do mundo que nos rodea (Arizpe, 2014).

A relación poética entre imaxe-palabra, a dualidade e a versatilidade das mensaxes e a relación lector-texto-contexto traballadas a través da educación artística son as premisas para a experimentación e indagación sobre a nosa identidade. As obras e creacións ás que fai referencia este traballo parten dunha exploración e reflexión persoal do artista sobre o espazo doméstico que é transferida en diferentes modos de expresión a unha colectividade intérprete, transcendendo os límites entre o público e o privado.

A narración a través dos lugares, da memoria, das imaxes... a construción do eu a través do outro, xa que "os versos son lugares. Lugares que se constrúen con palabras e que serán habitados, máis tarde, por esas lembranzas" (Benegas, 2017: 1).

Referencias bibliográficas

- ARNHEIM, R. (1995). *Arte y percepción visual: Psicología del ojo creador*. Madrid: Alianza Editorial. [1ª ed., *Art and Visual Perception: a psychology of the creative eye*, 1954].
- ARIZPE, E. e STYLES, M. (2002). "¿Cómo se lee una imagen? El desarrollo de la capacidad visual y la lectura mediante libros ilustrados". *Lectura y vida. Revista Latinoamericana de Lectura*. 23 (3). Setembro 2002. 20-29. Consultado o 17 de setembro de 2017, http://www.lecturayvida.fahce.unlp.edu.ar/numeros/a23n3/23_03_Arizpe.pdf

- ARIZPE, E. (2006). “El juego de los espacios: los lectores y la interacción entre imagen y palabra en el libro ilustrado infantil”. *Alter Texto*, 3 (6). 11-36.
- ARIZPE SOLANA, E. (2014). “Imágenes que invitan a pensar: el ‘libro álbum sin palabras’ y la respuesta lectora”. *Reflexiones Marginales*. Consultado o 17 de setembro de 2017, <http://reflexionesmarginales.com/3.0/22-imagenes-que-invitan-a-pensar-el-libro-album-sin-palabras-y-la-respuesta-lectora/>
- BACHELARD, G. (1994). *The Poetic of Space*. Boston: Beacon Press.
- BARTLETT, F. (1932). *Remembering. A Study in Experimental an Social Psychology*. Cambridge: Cambridge University Press.
- BRUNER, J. (2006). *Actos de Significado. Más allá de la Revolución Cognitiva*. Madrid: Alianza Editorial.
- BENEGAS, M. e YÁÑEZ, F. (2017). *Versos como una casa*. Barcelona: A Buen Paso.
- CALAF, R. e FONTAL, O. (2004). *Comunicación educativa del patrimonio: Referentes modelos y ejemplos*. Gijón: Trea.
- CAPDEVILA, G. e OLAVARRÍA, M. (2011). *Hay Casas*. Barcelona: Sleepyslaps.
- CARBALLEIRA, P. e REGOS, M. (2007). *Casas*. A Coruña: Editorial Tambre.
- COLETIVO E/OU. (2008). *Descartógrafos*. Consultado o 17 de setembro de 2017, <https://poesionline.wordpress.com/cartografias-alternativas/>
- DURÁN GIMÉNEZ RICO, I. (2015) (Dir.) e outros. *Topografías Domésticas en el Imaginario Femenino. Una Visión Comparativa, Transnacional y Hemisférica*. Madrid: Universidad Complutense de Madrid. Consultado o 17 de setembro de 2017, https://www.researchgate.net/publication/280294221_Topografias_Domesticas_en_el_Imaginario_Femenino_Una_Vision_Comparativa_Transnacional_y_Hemisferica
- DURAN, T. (1999). “Pero, ¿qué es un álbum?”. En VV. AA., *Literatura para cambiar el siglo: una revisión crítica de la literatura infantil y juvenil de la última década* (pp. 73-84). Salamanca: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- DURÁN, T. (2008). “Aprendiendo de los álbumes”. En Viana, Fernanda Leopoldina, Eduarda Coquet, Marta Martins e Rui Lima Ramos (Coords.), *Actas do 7º Encontro Nacional / 5º Internacional de Investigação em Leitura, Literatura Infantil e*



Ilustração (pp. 48-64). Braga: Universidade do Minho. Centro de Investigação em Educação (CIEd). Consultado o 17 de setembro de 2017, <http://hdl.handle.net/1822/13555>

FISH, S. (1980). *Is There a Text in This Class?*. Cambridge: Cambridge University Press.

FUENTES, A. (2015). “Libro-álbum ilustrado: Trascendencias imaginarias”. *Reflexiones Marginales*. Consultado o 17 de setembro de 2017, <http://reflexionesmarginales.com/3.0/22-libros-album-ilustrados-trascendencias-imaginarias/>

GALÁN, J. (2010). “Mujeres artistas y arquitectura”. *Asparkia*, (21). 25-46. Consultado o 17 de setembro de 2017, <http://www.erevistas.uji.es/index.php/asparkia/article/view/434>

GÓMEZ DE LA LLANA, N. (2012). “Celia Silva-Díaz: El álbum es un terreno propicio para experimentar”. *Revista de Letras*, “Entrevistas”. Consultado o 17 de setembro de 2017, <http://revistadeletras.net/cecilia-silva-diaz-el-libro-album-es-un-terreno-propicio-para-experimentar/>

KATO, K. e HIRATA, K. (2011). *La casa de los Cubos*. Buenos Aires: Adriana Hidalgo Editora.

RICOEUR, P. (1999). “Definición de la memoria desde un punto de vista filosófico”. En Barret-Ducrocq, Françoise (Dir.), *¿Por Qué Recordar?* (pp. 24-28). Barcelona: Granica.

ROSENBLATT, L. M. (2002). *La literatura como exploración*. México: Fondo de Cultura Económica.

SAMARTZI, I. (2017). *It used to be*. Consultado o 17 de setembro de 2017, <http://www.irissamartzi.gr/>

SOLER, A. (2001). *Recuerdos de Familia. Instalación de 5000 microfotografías*. Consultado o 17 de setembro de 2017, <http://anasolerbaena.webs.uvigo.es/>

SOTO VILLAGRÁN, P. (2011). “La ciudad pensada, la ciudad vivida, la ciudad imaginada. Reflexiones teóricas y empíricas”. *Revista de Estudios de Género. La Ventana*, 34. Diciembre 2011. 7-38. Consultado o 17 de setembro de 2017,



https://www.researchgate.net/publication/237197155_La_ciudad_pensada_la_ciudad_vivida_la_ciudad_representada

- TABERNERO, R. (2005). *Nuevas y viejas formas de contar: El discurso narrativo infantil en los umbrales del siglo XXI*. Zaragoza: Universidad de Zaragoza.
- TUÁN, Y-F. (2007). *Topofilia: Un estudio de las percepciones, actitudes y valores sobre el entorno*. Trad. Flor Durán de Zapata. Tenerife: Editorial Melusina. [1ª ed., *Topophilia. A study of environmental perception, attitudes and values*, Prentice-Hall Inc., Englewood Cliffs, New Jersey, 1974].
- Uzcátegui Araújo, J. (2011). *El imaginario de la casa en cinco artistas contemporáneas: Remedios Varo, Louise Bourgeois, Marjetica Potrć, Doris Salledo y Sydia Reyes*. Madrid: Eutelequia.

